


A CASA MARTELO: arquitectura e arqueoloxía



Conservatorio de danza, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial, Deputación da Coruña.

Documento do mes
Decembro 2022

...Na terra donde nacimos
as penas non doen tanto,
nin son as covas tan soas;
que están os avós debaixo...

Evaristo Martelo Paumán del Nero. *Líricas gallegas*, 1894

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

A casa número 14 da rúa da Franxa é un exemplar case único do barroco galego, unha peza arquitectónica referencial, edificada nunha parcela de 253 m². Destaca sobre a escala urbe, nunha cidade que durante o Século da Ilustración non chega a ter suficientes edificios de nivel aristocrático ou altoburgués, a xuízo de Alfredo Vigo Trasancos, quen apunta que a maioría das construcións privadas eran casas modestas, no límite da dignidade esixida. De modo que sobresaen de maneira singular as casas palacianas, repertorio exíguo de grandes mansións do século décimo oitavo: o Palacio de Almeiras, a Casa Cornide, as Casas de Paredes, a Casa do Real Consulado e a Casa Martelo, un palacete tardobarroco con anticipos de neoclasicismo, que adquire a Deputación no ano 1976. (Ver [BOP 1976](#), [Certificado adquisición 1976](#), [BOP 1977](#), [Acta 1977](#)). Palacios que son a expresión dunha sociedade e un modo de vida. Pregoan a opulencia dos grupos señoriais coruñeses, as preferencias construtivas e estilísticas dos novos ricos burgueses, dos fidalgos e nobres. Unha deles, Emilia Pardo Bazán, retrata esta sociedade nas súas novelas:

“Con las antiguallas que allí se pudrían, pudiera escribirse la historia de las costumbres y ocupaciones de la nobleza gallega, de un par de siglos para acá...” (Los Pazos de Ulloa, cap. XI).

En efecto, a obra da Casa Martelo, abarca un amplo período entre dous séculos, posto que as ménsulas clásicas son seicentistas, a escaleira probablemente do 1750 e as bufardas da época de Carlos III. (Ver [aguatinta de José Yañez](#)):

“... Un caserón antiguo, espacioso y destartado, como aún quedan muchos en la monumental Compostela, hermano urbano de los rurales Pazos de Ulloa. En su fachada severa...” (Los Pazos de Ulloa, cap. IX).

A análise do simbolismo material desa sobria fachada de cantería, minimalista polo conciso do vocabulario ornamental, responde a unha organización vertical, na que os vans actúan de vectores da fronte. Na planta baixa, separada da seguinte por un pequeno aquitrabe, conta con dúas portas alinteladas. No primeiro piso, onde é habitual situar todos os salóns, ábrese seis eixos de xanelas simétricas, distribuídas en grupos de tres. Presiden o van central de cada un, dous balcóns de forxa, voados sobre ménsulas clasicistas. Con todo, na segunda planta, esténdese un longo e resaltado balcón, de ferro tamén, pero corrido e de amplo voo, que engloba as seis xanelas. (Ver [planos 1976](#)). Detrás da cornixa de remate, asómanse unhas bufardas francesas posteriores, eco da Casa Paredes. Por ese ton híbrido, sen apego a modelos claros, é atribuíble a un arquitecto local, antes que a un afamado compostelán. Combina o gusto barroco, nos grandes balcóns voados, co popular, nas portas-balcón. Jesús Sánchez considéraa de autoría e cronoloxía complexas, comparte con Vigo Trasancos a adscripción ao barroco tardío, pola súa escalinata, a pesar de que Chamoso Lamas, no 1976, clasifícasea como neoclásica, polas súas bufardas, (Ver [informe 1976](#)):

“... Los señores de Ulloa sintieron la impresión del frío subterráneo de una ancha cripta abovedada, donde la voz humana retumbaba de un modo extraño y solemne. Por la escalera de anchos peldaños y monumental balaustré de piedra...” (Los Pazos de Ulloa, cap. XV).

A espectacularidade da escaleira de dobre tiro do corredor contrasta coa fachada case espida. O valor “escenográfico” é a peza representativa do edificio, o eixo formal e compositivo. Un vestíbulo cunha exuberante escalinata monumental, deseñada para a contemplación, onde ver e ser visto, é un trazo de fidalguía, de ton aristocrático.

Para Alfredo Vigo Trasancos é netamente barroca, de signo palaciano e compostelán, relacionada coa do Palacio de Remiranes, do círculo de Ferro Caaveiro. (Ver [fotos escalinata](#)).

Pola contra, queda máis oculto a primeira vista, un fermoso patio interior, caracterizado por unhas enormes ménsulas ou canzorros de pedra, sobre as que descansan as balconadas corridas das dúas primeiras plantas. Na última planta asómase unha galería. (Ver [fotos patio](#)).

Pero, a mansión aínda esconde un tesouro maior. Unha vez pase ás mans da Deputación, durante a restauración, entre os cascallos, un fragmento de “tégula” chega ás mans do arquitecto provincial, entusiasta da arqueoloxía. Por iso contamos cunha primeira escavación de urxencia, a cargo de Bello Dieguez, no ano 1988, no curso da remodelación e coa intervención, de Lestón García, no ano 1990. Deste modo, Aurora Grandal e o propio Bello, apuntan que a Casa Martelo marca o comezo da arqueoloxía urbana da nosa cidade, coas primeiras intervencións do barrio da Pescadería, que revelan restos do pasado romano de Brigantium. Desde entón, imponse a obrigatoriedade do seguimento e escavación arqueolóxica en toda a parte antiga, posto que, como di o poeta, “están os avós debaixo”.


Na fachada traseira, da rúa Florida, aparece unha tumba de “tégulas” do s. V d. C., escavada por José María Bello. Sitúase sobre un concheiro do século anterior, de modo que é probable que a dieta do individuo da Casa Martelo tivo unha achega importante de moluscos. Indica un universo alimenticio de aproveitamento dos recursos nas localidades costeiras atlánticas. Con todo, a escalinata, de novo cobra protagonismo. Baixo ela, preto da fachada da rúa da Franxa, escava Lestón Gómez, nunha reducida superficie de 17 m². Atopan un lenzo de muro baixo e un vertedoiro, no que achan un amplo abanico de materiais: cerámicas, “tégulas”, metais, vidros, ósos e cunchas, descritos por Castro Paredes e os seus colegas da USC. O conxunto mellor representado é o das “sigillatas” hispánicas (402 fragmentos, de 348 recipientes documentados), dous terzos delas de época altoimperial e un terzo do baixo Imperio. A falta de materiais do s. I d. C. pode datar os comezos do xacemento no s. II e a ausencia de tardoimperiais, fixa o fin ao redor do s. IV. (Ver [fotos Museo Arqueolóxico](#)).

Así pois, A Casa Martelo é un xacemento continuado de diversos materiais, con presenza de residuos de alimentación. Isto é, un conxunto de carácter utilitario, indicador de actividades de refugallo relacionadas co vertedoiro dunha edificación doméstica de “Brigantium”. Agora ben, ao dilucidar se nos atopamos ante unha vivenda máis ou menos modesta, o feito de non achar pezas valiosas, moedas ou xoias, indica un “tugurium” antes que unha “mansio”. Despois de todo, para chegar a semellante categoría en arquitectura coruñesa, teremos que esperar nada menos que uns mil seiscientos anos.

Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Corrección de texto galego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: BOP 13-10-1976, BOP 17-01-1977, Acta 17-07-1977, H-70.

LA CASA MARTELO: arquitectura y arqueología



Conservatorio de danza, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial, Deputación da Coruña.

Documento del mes
Diciembre 2022

...Na terra donde nacimos
as penas non doen tanto,
nin son as covas tan soas;
que están os avós debaixo...

Evaristo Martelo Paumán del Nero. *Líricas gallegas*, 1894

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

La casa número 14 de la calle de La Franja es un ejemplar casi único del barroco gallego, una pieza arquitectónica referencial, edificada sobre una parcela de 253 m². Destaca sobre la escala urbe, en una ciudad que durante el Siglo de la Ilustración no llega a tener suficientes edificios de nivel aristocrático o altoburgués, a juicio de Alfredo Vigo Trasancos, quien apunta que la mayoría de las construcciones privadas eran casas modestas, en el límite de la dignidad exigida. De modo que sobresalen de manera singular las viviendas de tono palaciego, un repertorio exiguo de grandes mansiones dieciochescas: el Palacio de Almeiras, la Casa Cornide, las Casas de Paredes, la Casa del Real Consulado y la Casa Martelo, un palacete tardobarroco con anticipos de neoclasicismo, que adquiere la Diputación en 1976. (Ver [BOP 1976](#), [Certificado adquisición 1976](#), [BOP 1977](#), [Acta 1977](#)). Palacios que son la expresión de una sociedad y un modo de vida. Pregonan la opulencia de los grupos señoriales coruñeses, las preferencias constructivas y estilísticas de los nuevos ricos burgueses, de los hidalgos y nobles. Una de ellos, Emilia Pardo Bazán, retrata esta sociedad en sus novelas:

“Con las antiguallas que allí se pudrían, pudiera escribirse la historia de las costumbres y ocupaciones de la nobleza gallega, de un par de siglos para acá...” (Los Pazos de Ulloa, cap. XI).

En efecto, la obra de la Casa Martelo, abarca un amplio periodo entre dos siglos, puesto que las ménsulas clásicas son seicentistas, la escalera probablemente de 1750 y las buhardillas de la época de Carlos III. (Ver [aguatinta de José Yañez](#)):

“...Un caserón antiguo, espacioso y destartado, como aún quedan muchos en la monumental Compostela, hermano urbano de los rurales Pazos de Ulloa. En su fachada severa...” (Los Pazos de Ulloa, cap. IX).

El análisis del simbolismo material de esa sobria fachada de cantería, minimalista por lo escueto del vocabulario ornamental, responde a una organización vertical, en la que los vanos actúan de vectores del frente. En la planta baja, separada de la siguiente por un pequeño arquitebe, cuenta con dos puertas adinteladas. En el primer piso, donde es habitual situar todos los salones, se abren seis ejes de ventanas simétricas, distribuidas en grupos de tres. Presiden el vano central de cada uno, dos balcones de forja, volados sobre ménsulas clasicistas. Sin embargo, en la segunda planta, se extiende un largo y resaltado balcón, de hierro también, pero corrido y de amplio vuelo, que engloba las seis ventanas. (Ver [planos 1976](#)). Tras la cornisa de remate, se asoman unas buhardillas francesas posteriores, eco de la Casa Paredes. Por ese tono híbrido, sin apego a modelos claros, es atribuible a un arquitecto local, antes que a un afamado compostelano. Combina el gusto barroco, en los grandes balcones volados, con el popular, en las puertas-balcón. Jesús Sánchez la considera de autoría y cronología complejas, pues comparte con Vigo Trasancos la adscripción al barroco tardío, por su escalinata, a pesar de que Chamoso Lamas, en 1976, la clasificase como neoclásica, por sus buhardillas (Ver [informe 1976](#)):

“... Los señores de Ulloa sintieron la impresión del frío subterráneo de una ancha cripta abovedada, donde la voz humana retumbaba de un modo extraño y solemne. Por la escalera de anchos peldaños y monumental balaustre de piedra...” (Los Pazos de Ulloa, cap. XV).

La espectacularidad de la escalera de doble tiro del zaguán contrasta con la fachada casi desnuda. El valor escenográfico del acceso, es la pieza representativa del edificio, el eje formal y compositivo. Un vestíbulo con una exuberante escalinata monumental, diseñada para la contemplación, donde ver y ser visto, es un rasgo de hidalguía, de tono aristocrático.

Para Alfredo Vigo Trasancos es netamente barroca, de signo palaciego y compostelano, relacionada con la del Palacio de Remiranes, del círculo de Ferro Caaveiro. (Ver [fotos escalinata](#)).

Por el contrario, queda más oculto a primera vista, un hermoso patio interior, caracterizado por unas enormes ménsulas o canzorros de piedra, sobre las que descansan las balconadas corridas de las dos primeras plantas. En la última planta se asoma una galería. (Ver [fotos patio](#)).

Pero, la mansión todavía esconde un tesoro mayor. Una vez que pasa a manos de la Diputación, durante la restauración, entre los escombros, un fragmento de “tégula” llega a manos del arquitecto provincial, un entusiasta de la arqueología. Por eso contamos con una primera excavación de urgencia, a cargo de Bello Dieguez, en 1988, en el curso de la remodelación y con la intervención, de Lestón García, en 1990. De este modo, Aurora Grandal y el propio Bello, apuntan que la Casa Martelo marca el comienzo de la arqueología urbana de nuestra ciudad, con las primeras intervenciones del barrio de la Pescadería, que desvelan restos del pasado romano de Brigantium. Desde entonces, se impone la obligatoriedad de seguimiento y excavación arqueológica en toda la parte antigua, puesto que, como dice el poeta, “están os avós debaixo”.

En la fachada trasera, de la calle Florida, aparece una tumba de “tégulas” del s. V d. C., excavada por José María Bello. Se sitúa sobre un conchero del siglo anterior, de modo que es probable que la dieta del individuo de la Casa Martelo tuviese un importante aporte de moluscos. Indica un universo alimenticio de aprovechamiento de los recursos en las localidades costeras atlánticas. No obstante, la escalinata, cobra de nuevo protagonismo. Bajo ella, cerca de la fachada de la calle de La Franja, excava Lestón Gómez, en una reducida superficie de 17 m². Encuentran un lienzo de muro bajo y un basurero, en el que hallan un amplio abanico de materiales: cerámicas, “tégulas”, metales, vidrios, huesos y conchas, descritos por Castro Paredes y sus colegas de la USC. El conjunto mejor representado es el de las “sigillatas” hispánicas (402 fragmentos, de 348 recipientes documentados), dos tercios de ellas de época altoimperial y un tercio del Bajo Imperio. La falta de materiales del s. I d. C. puede datar los comienzos del yacimiento en el s. II y la ausencia de tardo imperiales, fija el fin alrededor del s. IV. (Ver [fotos Museo Arqueológico](#)).

Así pues, La Casa Martelo es un yacimiento continuado de diversos materiales, con presencia de residuos de alimentación. Esto es, un conjunto de carácter utilitario, indicador de actividades de desecho relacionadas con el basurero de una edificación doméstica de “Brigantium”. Ahora bien, al dilucidar si nos encontramos ante una vivienda más o menos modesta, el hecho de no hallar piezas valiosas, monedas o joyas, indica un “tugurium” antes que una “mansio”. A fin de cuentas, para llegar a semejante categoría en arquitectura coruñesa, deberemos esperar nada menos que unos mil seiscientos años.

[Bibliografía empleada](#)

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Corrección de texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: BOP 13-10-1976, BOP 17-01-1977, Acta 17-07-1977, H-70.